

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS DO CONCURSO DE CARETAS DE ANTROIDO 2017

O Concello de Xove, dentro do marco das competencias que ten atribuídas pola lexislación vixente ten como obxectivo potenciar a participación cidadá nos actos programados para o Antroido, e realiza para tal fin a convocatoria de premios do Concurso de Caretas de Antroido, coas seguintes especificacións:

1.- Entidade adxudicadora

- a.- Organismo: Alcalde-Presidente
- b.- Departamento que tramita o expediente: Concellería de Cultura

2.- Obxecto

Concesión de premios do concurso de caretas de Antroido organizado polo Concello de Xove

3.- Orzamento

A contía máxima prevista destinada aos presentes premios é de 405,00 €, con cargo á partida 334.481 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal.

4.- Contía dos premios

Haberá cinco categorías: Preescolar (nenos/as de 3,4 e 5 anos); 1º e 2º de Primaria; 3º e 4º de Primaria; 5º e 6º de primaria e 1º a 4º de ESO. En cada unha destas categorías haberá tres premios, un primeiro, un segundo e un terceiro premio.

Os premios consistirán en lotes de material escolar cunha valoración mínima de 27,00 euros. O xurado poderá deixar deserto calquera dos premios, se así o considera oportuno. Neste caso, a contía total destinada aos premios poderá repartirse en partes iguais entre os gañadores.

De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

5.- Requisitos dos participantes

Poderá participar no concurso e ser beneficiario destas axudas calquer/a neno/a ou rapaz/rapaza empadroad/a no Concello de Xove en idade escolar (desde preescolar ata 4º de ESO)

A documentación a presentar será a seguinte:

- Ficha de inscrición establecida ao efecto

A ficha de inscrición deberá presentarse, xunto coa careta a concursar na Biblioteca Municipal con data límite 13 de febreiro.

6.- Procedemento de entrega de premios

Unha vez rematado o prazo de entrega de caretas, o xurado reunirse e levantará acta na que consten os premiados por orde decrecente e por categorías. O fallo do xurado darase a coñecer antes do 25 de febreiro.

Sobre a acta do xurado, emitirase informe-proposta polo Técnico Municipal de Cultura, que se elevará á Alcaldía-Presidencia, órgano competente para a concesión dos premios.

Pola súa consideración de premio en especie, o establecemento ou establecementos comerciais nos que se adquiran os lotes de material escolar, deberá emitir factura a nome do beneficiario do premio ou do seu titor legal. Non obstante dita factura será abonada polo Concello.

8.-Outras informacións

Concelleira de Cultura ou Técnico Municipal de Cultura. Tfno. 982.59.20.01

Resolución de Alcaldía de 25 de xaneiro de 2017